

A organización política

A forma de goberno de España é a monarquía parlamentaria, na que hai un monarca ou rei, e unhas institucións.

O Rei

- Xefe do Estado.
- Non exerce ningún poder político.

O Goberno

- Formado polo presidente e os ministros e as ministras designados polo presidente do Goberno.
- Encargados das diferentes áreas (saúde, educación...).

As Cortes Xerais

- Compostas polo Congreso dos Deputados e o Senado.
- Toman as decisións políticas.
- Elaboran as leis xunto co Goberno.
- Elixen o presidente do Goberno.

Os Tribunais de xustiza

- Formados por xuíces e xuízas e maxistrados e maxistradas.
- Encárganse de administrar xustiza.

As principais funcións do Rei son:

- Xurar a Constitución e facer que se cumpra.
- Sancionar e promulgar as leis.
- Representar a España nas relacións internacionais.
- Ser o Xefe Supremo das Forzas Armadas.

A división de poderes

En todo Estado democrático:

- Hai tres poderes: o lexislativo, o executivo e o xudicial.
- Os tres poderes están divididos.
- As persoas que exercen estes poderes serán distintos e independentes.
- Cada un dos tres poderes ten unha serie de funcións.
- Cada un dos tres poderes está representado por unha institución política.

A monarquía española ten carácter vitalicio; é dicir, dura toda a vida do monarca, aínda que o Rei pode abdicar en favor do seu herdeiro. En xuño de 2014, Xoán Carlos I cedeulle o trono ao seu fillo Filipe que se coroou co nome de Filipe VI. É, polo tanto, unha monarquía hereditaria, xa que pasa de pais a fillos.

Poderes políticos do Estado

Poder lexislativo	Poder executivo	Poder xudicial
Ten a función de elaborar as leis e controlar a acción do Goberno	A súa función é aplicar as leis que aproban as Cortes Xerais, dirixir a política do país e administrar o Estado.	Ten a misión de vixiar que as leis se cumpran e de xulgar o seu cumprimento.
Cortes Xerais	Goberno	Tribunales de xustiza
		

Nome: Data:

5 Elixe e escribe a opción correcta.

A forma de Goberno de España é a monarquía *absolutista / parlamentaria*, na que hai un *monarca ou rei / príncipe*....., e unhas *institucións / constitucións*: as Cortes Xerais, o *Senado / Goberno* e os tribunais de xustiza.

6 Relaciona os elementos coa institución á que pertencen.

- Xuíces e xuízas e maxistrados e maxistradas
- Congreso dos deputados e Senado
- Presidente do Goberno e ministros e ministras
- Cortes Xerais
- Tribunais de xustiza
- Goberno

7 Que cargo exerce o Rei e que poder político ten? Explica cales son as súas principais funcións.

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

8 Pinta da mesma cor cada poder, coa súa función e a súa institución.

Poder	Función	Institución
Poder lexislativo	Ten a misión de vixiar que as leis se cumpran e de vulgar o seu cumprimento.	Goberno
Poder executivo	Ten a función de elaborar as leis e controlar a acción do Goberno.	Tribunais de xustiza
Poder xudicial	A súa función é aplicar as leis que aproban as Cortes Xerais, dirixir a política do país e administrar o Estado.	Cortes Xerais